

DOMINGO 23 ORDINARIO CICLO A

PRIMEIRA Ez 33, 7-9

Se non lle falaras ao malvado, pedireiche contas do seu sangue

PROCLAMACIÓN DA PALABRA RECOLLIDA NA PROFECÍA DE EZEQUIEL

Di o Señor:

¡Eh ti, fillo de Adán!: a ti constituínte vixía para a Casa de Israel,
vas escoitar da miña boca as palabras,
e valos avisar da miña parte.
Cando eu lle diga ao malvado:
"Malvado, vas morrer",
se ti non lle falas para avisalo do seu destino,
el, o malvado, morrerá pola súa culpa;
pero a ti pediránseche contas do seu sangue.
Pero se ti avisas ao malvado do seu destino
para apartalo del, e el non cambia de conducta,
el morrerá pola súa culpa
pero ti salvaras a túa vida.

SALMO RESPONSORIAL Sal 94, 1-2. 6-7. 8-9

R/ (8): ¡Se escoitasedes hoxe a súa voz! Non endurezades o corazón

Vide, cantémoslle ao Señor,
Aclamemos a nosa rocha salvadora;
acheguémonos á súa presenza con louvanza,
aclamémolo con cancións.

Vide, adorémolo prostrados,
axeonllémonos ante o Señor, que nos creou.
El é o noso Deus
e nós somos o seu pobo,
o rabaño que guía a súa man.
¡Se escoitasedes hoxe a súa voz!

Non endurezades o corazón, coma en Meribah,
coma o día de Masah, no deserto,
cando vosos pais me tentaron,
provocáronme aínda que viran os meus feitos.

SEGUNDA Rm 13, 8-10
A plenitude da lei é o amor

**PROCLAMACIÓN DA PALABRA RECOLLIDA
NA CARTA DE SAN PAULO APÓSTOLO AOS ROMANOS**

Irmáns e irmás:

A ninguén lle debades nada, fóra de amarvos uns a outros, porque o que ama o próximo, ten cumprida a Lei. Porque o non adulterarás, non matarás, non roubarás, non cobizarás e todos os outros mandamentos, resúmense nestas palabras: amarás ao teu próximo como a ti mesmo. Quen ama o seu próximo non lle fai mal. Verdadeiramente, o amor é o pleno cumprimento da Lei.

ALELUIA 2 Cor 5, 19:

Deus reconcilia en Cristo ó mundo consigo e puxo en nós palabra de reconciliación

DOMINGO 23 ORDINARIO CICLO A

EVANXEO Mt 18, 15-20

Se te escoita, terás gañado un irmán

PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO MATEO

Daquela díxolles Xesús aos seus discípulos:

- Se teu irmán peca contra ti, vai e repréndeo; pero ti só con el. Se te escoita, conquistaches o teu irmán. Se non te escoita, leva contigo un ou dous, para que por medio de dúas ou tres testemuñas quede resolto o asunto. Se non vos fai caso, dillo á comunidade; e se tampouco lle fai caso á comunidade, sexa para ti como un pagán ou un recador de impostos. Asegúrovos que o que atedes na terra será atado no ceo, e o que desatedes na terra será desatado no ceo.

Asegúrovos tamén que se dous de vós se poñen de acordo na terra para pedir calquera cousa, conseguirano do meu Pai celestial. Porque onde están dous ou tres reunidos no meu nome, alí no medio estou eu.